

MESA SECTORIAL. 8 DE MAIO DE 2020

INFORMACIÓN SELECCIÓN TEMPORAL, OPE E CONCURSO DE TRASLADOS

O estado de alarma está a condicionar moitas das actuacións nos distintos procesos do SERGAS, posto que os prazos de reclamación, recurso... están paralizados. Tendo en conta isto:

1. SELECCIÓN TEMPORAL

O próximo **martes 12 de maio** publicaranse as **listas definitivas de contratacións** das categorías de:

- Técnicos/as superiores sanitarios (TER, TEL, TEAP....)
- TCAE
- Técnico/a de farmacia

Todas as **categorías que non teñen publicadas as listas provisionais**, quedan pendentes do levantamento do estado de alarma para poder publicalas, e abrir así o correspondente prazo de reclamacións.

2. OPE

- Nos remitiron un borrador das bases para a elección telemática de destino para presentar alegacións. A intención é publicar nunha Resolución estas bases para que os/as aspirantes coñezan o procedemento de elección de destino.

- O prazo de presentación de documentación das persoas que superaron a **OPE de Enfermeiro/a, Auxiliar administrativo/a e Celador/a** quedou suspendido debido ao estado de alarma.

Unha vez teñan recibida a documentación de todos/as os/as aspirantes, publicarán no DOG o listado definitivo de aspirantes seleccionados, o cadro de prazas a elixir, e abrírase un prazo de 10 días hábiles para elixir por orde de preferencia os destinos SEMPRESA a través do FIDES.

A **toma de posesión** nestes destinos estará suxeita á situación epidemiolóxica debido á crise sanitaria polo COVID-19. **Non hai previsión**.

Este procedemento será o que se aplique a partir de agora, como norma xeral, xa non se farán actos de elección presencial.

- As **categorías que tiveron os exames nos meses de febreiro e marzo** deste ano, só teñen publicada a plantilla de respostas provisional. Está pendente de que se reúnan os tribunais para valorar as impugnacións das preguntas dos distintos exames.

3. CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

Hoxe pechouse por parte da Administración o **cadro de prazas que se oferta a concurso de traslados**, e remitíranse a DOG para a súa publicación.

Dende CIG-Saúde solicitamos que se ofertaran todas as prazas vacantes orzamentadas estiveran ou non cubertas con interinidade; e a Administración limita a oferta ás prazas vacantes cubertas con interino/a.

A toma de posesión nestes novos destinos estará suxeita á situación epidemiolóxica debido á crise sanitaria polo COVID-19.